

# FEBREIRO

3 Venres / 21.00 h

**IBUPROFENO TEATRO**

*Raclette*



Unha cea reúne cinco persoas que conforman un complexo mosaico humano e na que se desentraña o misterio dunha terrible historia.

A parella, a maternidade, a cobiza, a culpa, a violencia ou a morte conforman os temas deste texto gañador do Premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais 2014, e que converte a Santiago Cortegoso nun dos dramaturgos galegos máis interesantes na actualidade. A posta en escena sorprenderá ao público non só pola vista e o oído, senón tamén polo olfacto.

**Intérpretes:** Toni Salgado, Deborah Vukusic, Marián Bañobre, Iria Sobrado e Salvador del Río / **Espazo escénico e imaxe:** Diego Seixo / **Iluminación:** Salvador del Río / **Vestuario:** Marián Bañobre / **Son:** Quito / **Dirección e texto:** Santiago Cortegoso.

**Duración:** 1 h 15 min  
**Público:** Adulto  
**Prezo da entrada ordinaria:** 4 €  
**Prezo especial con desconto:** 3 €

Rede Galega de Teatros e Auditorios



10 Venres / 21.00 h

**CAXADE**

*E isto é o amor*



Caxade é un proxecto musical e persoal de Alonso Caxade. Baixo esta denominación agóchase unha banda de catro músicos que retoman, cos seus acordes, os antigos sons das orquestinas da vella Europa de principios do século XIX.

Esta banda, cun arrendo minimalista e bucólico con toques surrealista e discurso reivindicativo nas súas letras, presenta en Carballo o seu terceiro traballo de estudio, *E isto é amor*, no que Alonso Caxade segue a xogar co seu imaxinario particular, cheo de seres estraños e letras moi de actualidade. Este último álbum de estudio conta, ademais, cunha moi cuidada produción na que se introducen elementos electrónicos que fan, se cabe, que resulte un produto con máis forza, e imprescindible para os amantes da música indie folk.

O seu traballo foi recoñecido polos premios Martín Códax da Música e o Premio Opinión como Mellores Artistas na súa XIII Edición.

**Intérpretes:** Alonso Caxade (voz e acordeón), Manu Paino (trompeta e carrilón), Manu Espinho (bombardino) e Xosé Tunhas (batería)

**Duración:** 1 h 10 min | **Público:** Adulto  
**Prezo da entrada ordinaria:** 3 €  
**Prezo especial con desconto:** 2 €

Rede Galega de Teatros e Auditorios



12 Domingo / 18.00 h

**SARABELA TEATRO**

*O secuestro da bibliotecaria*



Os bandidos pretenden xerar un caos cultural co secuestro da bibliotecaria e obrigar ás autoridades a pagar polo rescate. Pero o virus da varicela e un tremor de terra veñen complicalo todo.

Peripecia tan divertida como estimulante onde o amor pola lectura se coloca como principal protagonista. Risos, maxia e tenrura emerxen desta aventura.

Sarabela Teatro é unha das compañías máis consolidadas de Galicia. Conta con 36 anos de traballo e numerosos premios, o máis recente o Premio da Cultura Galega de Artes Escénicas outorgado pola Xunta de Galicia, co que pretende recoñecer a excelencia no traballo nos diferentes ámbitos culturais.

**Intérpretes:** Alonso Caxade (voz e acordeón), Manu Paino (trompeta e carrilón), Manu Espinho (bombardino) e Xosé Tunhas (batería)

**Duración:** 55 min  
**Público:** a partir de 5 anos  
**Prezo da entrada ordinaria:** 3 €  
**Prezo especial con desconto:** 2 €

Rede Galega de Teatros e Auditorios



17 Venres / 21.00 h

**TEATRO DE NINGURES**

*Unhas poucas picadelas*



Un recorte no xornal que narra o asasinato dunha muller por parte da súa parella é o detonante dunha historia traxica de violencia machista na que teñen cabida miles de historias reais e anónimas, historias de violencia que acaban en asasinato ou non pero que aniquilan vidas.

Unha proposta orixinal que afonda no peso dos roles de poder e a violencia de xénero na parella.

Teatro de Ningures escolle este texto da autora española Laila Ripoll no que ofrece unha reflexión intelixente sobre un tema de actualidade metendo o dedo na chaga de moitos dos tópicos que, por desgraza, seguen a amparar este tipo de comportamentos violentos.

**Intérpretes:** Sonia Rúa, Lois Soaxe e Pepa Barreiro / **Escenografía:** Pablo Giráldez "O Pastor" / **Iluminación:** Salvador del Río / **Vestuario:** Julia Abal / **Autora:** Laila Ripoll / **Tradución:** Xosé Manuel Pazos / **Dirección:** Eteivino Vázquez

**Duración:** 1 h 10 min | **Público:** Adulto  
**Prezo da entrada ordinaria:** 3 €  
**Prezo especial con desconto:** 2 €

Rede Galega de Teatros e Auditorios



# MARZO

3 Venres / 21.00 h

**ROCKARBALLO**

*AMENAZA DE MUERTE, DUDE, KILLER CATS, PSYCHOFONÍA, STROBOS, SONSEIS+, VERSIÓN IMPOSIBLE e THE CERNE*



Rockarballo volve un ano máis ao Pazo da Cultura para revolucionar a noite da man dos grupos máis vivos do panorama musical carballés.

Música para seguidores/as do rock & roll, metal, rock fusion, pop e música electrónica co característico estilo que achegan as agrupacións carballesas. Nesta única e imprescindible cita de Rockarballo contaremos coas bandas musicalmente máis alternativas así como con outras formacións de carácter máis clásico da capital de Bergantiños.

Toda unha aposta pola diversidade musical na que versións de cancións xa coñecidas, e novos temas de sinatura propia, completarán o programa desta nova cita coa música máis urbana.

**Duración:** 2 h 30 min  
**Público:** Todos  
**Entrada gratuita até completar aforo**


Rede Galega de Teatros e Auditorios



10 Venres / 21.00 h

**TALÍA TEATRO**

*Ubú Rei*



Talía, compañía cunha estreita relación con Carballo, preséntanos a súa última montaxe, unha obra imprescindible do teatro moderno e de permanente actualidade.

O innobre e grotesco Ubú, impulsado pola súa ambiciosa muller Madre Ubú, asasina ao seu protector, o Rei de Polonia, e a case toda a súa familia, para roubarlle os seus Estados.

Poder e sexo son as claves desta proposta traxicómica sobre os extremos da ruindade e da degradación do ser humano.

**Intérpretes:** Toño Casais, Marta Lado, María Ordóñez, Rubén Prieto, Diego Rey, Marta Rios, Artur Trillo e Dani Trillo / **Escenografía:** Dani Trillo / **Iluminación e vestuario:** María Ordóñez / **Maquillaxe:** Martina Cambeiro / **Composición musical:** Fernando Fraga / **Dirección e versión:** Roberto Salgueiro.

**Duración:** 1 h 15 min  
**Público:** de 2 a 6 anos  
**Prezo da entrada ordinaria:** 3 €  
**Prezo especial con desconto:** 2 €

Rede Galega de Teatros e Auditorios



12 Domingo / 18.00 h

**GALITON**

*Güela-güela*



Desde sempre, a misión das cegoñas adultas foi a de levar os bebés acabados de nacer ao lado dos seus pais e nais. Pero un día esqueceron dun rolo e Güily, unha cegoña pequena, decidiu que xa era maior para levarlle o bebé aos seus pais.

Non sabía que xusto ese era un bebé moi peculiar... Unha colorida aventura cargada de diversión, humor e música, que realiza a importancia da amizade, a solidariedade e a familia.

O cadro *Concierto de aves* de Frans Snyders inspirou á compañía Galitón para crear este espectáculo encargado polo Museo Nacional do Prado.

**Intérpretes:** Ana Conca, Vicky Pérez, Belén González e Chisco Casteleiro / **Escenografía e vestuario:** Galitón / **Deseño son:** Ana Conca / **Música:** Tony Torres / **Dirección, autoría e deseño iluminación:** Chisco Casteleiro.

**Duración:** 45 min  
**Público:** de 2 a 6 anos  
**Prezo da entrada ordinaria:** 3 €  
**Prezo especial con desconto:** 2 €

Rede Galega de Teatros e Auditorios



17 Venres / 21.00 h

**PETER BRUNTNELL**

*Nos Da Comrade*



*"Un dos secretos mellor gardados da música británica"* (Rolling Stone)

*"Os discos de Peter Bruntnell deberían ser ensinados nas escolas"* (New Musical Express)

Con máis de 20 anos de carreira, Peter Bruntnell é un dos compositores máis consistentes da escena británica actual. Artista de culto con xa nove discos de estudio publicados, posúe un don especial para a melodía e unha sensibilidade absorbente.

As súas composicións móvense entre o rock americano e o pop de exquisita facturación, contando entre os seus fans a artistas da talla de Peter Buck (R.E.M.) ou Jay Farrar (Uncle Tupelo, Son Volt). O seu último traballo, "Nos Da Comrade" (2016), vén precedido dunha excelente acollida da prensa musical especializada.

**Duración:** 1 h  
**Público:** adulto  
**Prezo da entrada ordinaria:** 3 €  
**Prezo especial con desconto:** 2 €

Rede Galega de Teatros e Auditorios



24 Venres / 21.00 h

**VOADORA**

*Soño dunha noite de verán*



Dúas parellas de namorados pérdense nun bosque, non moi lonxe do Reino das Fadas, na busca do amor verdadeiro. Pero algo acontece, o amor está no aire e nada é o que parece, e o que parece non resulta ser certo.

A transformación, o desexo sexual e o culto á estética son algúns dos temas sobre os que reflexiona este texto universal.

A compañía Voadora aborda a comedia máis popular de Shakespeare establecendo un diálogo entre o clásico e o contemporáneo no que participa un equipo amplo de creadores/as para o teatro, a danza, o cine e as artes visuais, encabezado polo director chileno de prestixio internacional Marco Layera.

**Intérpretes:** Diego Anido, Areta Bolado, Jose Diaz, Borja Fernández, Paris Lakryma, Janet Novas, Andrea Quintana, Anáel Snoch e Hugo Torres / **Escenografía:** Marta Pazos / **Iluminación:** Rui Monteiro / **Atrezzo:** Olalla Tesouro / **Música orixinal:** Jose Diaz e Hugo Torres / **Autor:** William Shakespeare / **Adaptación:** Marco Layera / **Dirección:** Marta Pazos.

**Duración:** 1 h 40 min | **Público:** Adulto  
**Prezo da entrada ordinaria:** 5 €  
**Prezo especial con desconto:** 3,5 €

Rede Galega de Teatros e Auditorios



26 Domingo / 18.00 h

**LA GÜASA CIRCO TEATRO**

*Móbil*



*Móbil* é a historia dun home sinxelo e unha máquina complexa. Ritmo, xogos malabares, complexos mecanismos e o movemento son a base e o punto de partida desta historia, unha visión imaxinativa de como conseguir as cousas.

Un premiado espectáculo de circo-teatro, sen texto, cunha escenografía viva que sorprende ao público con diferentes mecanismos que reaccionan en cadea, xerando diferentes sons e ritmos.

**Intérprete:** José Luis Ruiz (El Belga) / **Escenografía:** Adrien Batiot e José Luis Ruiz (El Belga) / **Vestuario:** María Jesús Buffa Figueroa / **Son e Luces:** Rafael Díaz Ramírez / **Dirección:** Pepa Gil.

**Duración:** 50 min  
**Público:** a partir de 6 anos  
**Prezo da entrada ordinaria:** 3 €  
**Prezo especial con desconto:** 2 €


Rede Galega de Teatros e Auditorios



31 Venres / 21.00 h

**P. TEATRAIS EXCÉNTRICAS**

*A cabeza do dragón*



O novo espectáculo de Producións Teatrais Excéntricas é *A cabeza do Dragón* de Ramón María del Valle-Inclán, un acontecemento extraordinario, xa que é a primeira versión galega deste texto, e que grazas á dirección de Quico Cadaval poderemos achegarnos con outra mirada a un dos escritores máis importantes da literatura universal.

*A cabeza do dragón* é unha colección de farsas que se titulou, ironicamente, *Retábulo de marionetas para educación de príncipes*, que conta a historia do príncipe, Verdemar, que foxe do reino materno por ter desobedecido ao rei, o seu pai.

Esta fábula é unha viaxe ao corazón do dragón que se narra en todas as culturas do mundo, e que Valle-Inclán a través da crítica social, brincadeiras políticas ou anacronismos argumentais manipula levando a fábula ao grotesco contemporáneo que el creou: o esperpento.

**Intérpretes:** Ana San Martín, Iván Marcos, Víctor Mosqueira, Patricia Vázquez, Josito Porto, Quico Cadaval, Yelena Molina e Marcos Orsi / **Deseño escenografía e espazo lumínico:** Baltasar Patiño / **Vestuario, atrezzo e deseño gráfico:** Suso Montero / **Música:** Javier María López / **Dirección e dramaturxia:** Quico Cadaval.

**Duración:** 1 h 25 min  
**Público:** Adulto  
**Prezo da entrada ordinaria:** 5 €  
**Prezo especial con desconto:** 3,5 €

Rede Galega de Teatros e Auditorios



# VENRES CULTURAIS



# EXPOSICIÓNS


HORARIO DE APERTURA  
de 17.00 h a 21.00 h  
de luns a domingo

Do 26 de xaneiro ao 19 de febreiro

CHIÑA E MON LENDOIRO

*Un mar de sensacións*

Andar -1 do Pazo da Cultura



Esta mostra forma parte dun proxecto expositivo realizado polos creadores locais Chiña e Mon Lendoiro a raíz do libro *Un mar de sensacións. Rutas e poemas para descubrir a Costa da Morte*, publicado no ano 2012 por

Xan Fernández Carrera e Rosalía Fernández Rial. O libro amosa unha serie de posibles roteiros acompañados dunha escolla poética de Rosalía. Inspirándose nestes poemas, cada un deles dedicado a unha zona concreta da Costa da Morte, nace o proxecto.

A exposición reúne 8 obras de cada autor, na que se pode apreciar unha parte máis sensorial, a de Chiña, que xoga coas cores e formas dos lugares a través da mestura de materiais, e a antítese buscada por Mon Lendoiro a través do debuxo e a pintura.

Organiza: Concello de Carballo

Do 11 ao 28 de febreiro

XIV CERTAME DE ARTES GRÁFICAS

ISAAC DÍAZ PARDO

Andar 3º do Pazo da Cultura



Mostra das obras seleccionadas no XIV Certame de Artes Gráficas Isaac Díaz Pardo organizado pola Deputación da Coruña con carácter bianual, todo un referente no campo das artes gráficas de Galicia.

Esta exposición de carácter itinerante recolle obras de diverso tipo de manifestacións plásticas: pinturas, esculturas e fotografías. Obras de distintos estilos e temáticas, que integran un ecléctico escaparate das tendencias, vangardas, e estilos da arte actual de artistas tanto galegos coma nacionais e internacionais.


Organiza: Deputación da Coruña e Concello de Carballo

Do 23 de febreiro ao 19 de marzo

TERESA CANDAL

*Matriz*

Andar -1 do Pazo da Cultura



Esta pintora coruñesa moi vinculada a Carballo a raíz da súa relación coa Asociación Artística e Cultural Creaformas, preséntanos a mostra *Matriz*, realizada con diferentes técnicas pictóricas.

Amósanos a súa obra como modo de recuperar os vínculos que a unen co universo, apelando a unha recuperación do sentido místico e máxico da vida, grazas á emoción e ao sentimento erótico.

Organiza: Concello de Carballo

Do 23 de marzo ao 23 de abril

MARCOS RODRÍGUEZ

*Asunción, María e José. Xente anónima con nome propio*

Andar -1 do Pazo da Cultura



Mostra fotográfica do premiado fotógrafo carballés Marcos Rodríguez. Nesta mostra amósanos nove anos de traballo percorrendo casas e costumes da veciñanza da Costa da Morte, captando miradas únicas, sorrisos, mans castigadas polo traballo e frontes cheas de experiencias vividas.

Dende María e José, protagonistas no 2010 da fotografía gañadora no Certame Fotográfico Xosé Manuel Eirís, á creadora autodidacta tristemente falecida Asunción Antelo.

Organiza: Concello de Carballo

Do 30 de marzo ao 30 de abril

XIX CERTAME FOTOGRÁFICO XOSÉ MANUEL EIRÍS

Andar 3º do Pazo da Cultura



Selección fotográfica das obras presentadas á XIX edición do Certame Fotográfico Xosé Manuel Eirís. Con este concurso de carácter anual o Concello de Carballo quere contribuír á creación artística e a fomentar a divulgación da fotografía.

A fundación Luís Calvo Sanz colabora co certame patrocinando o segundo premio. A mostra está composta polas fotografías premiadas polo xurado e por unha escolma das presentadas a esta edición. As fotografías participantes son de tema libre, aínda que existe un premio especial para as que fagan referencia a Carballo.

Organiza: Concello de Carballo  
Colabora Fundación Luís Calvo Sanz

# OUTRAS PROPOSTAS

27 xaneiro / 12.30 h

OS QUINQUILLÁNS

*Cousas*

Representación teatral baseada na obra *Cousas* de Castela, que mesturaba con naturalidade moitas artes distintas, neste caso as historias con ilustracións cos que soñou e que nos achega á dureza, tenrura e a forza da vida da emigración, a pobreza,...

Esta función vai dirixida ao alumnado dos IES de Carballo.

Organiza: Editorial Galaxia  
Colabora: Concello de Carballo

1 abril / 21.00 h

XVI BIENAL DE TEATRO ONCE

Este ano celébrase a XVI edición Bienal de Teatro Once. Nesta mostra participan os grupos de teatro afeccionado de máis alto nivel de toda España formados por afiliados/as á ONCE e videntes. Estes grupos recibiron o premio MAX Afeccionado 2013 pola súa contribución ao fomento do teatro amateur, a creación de novos públicos e a promoción das artes escénicas durante máis de 25 anos.

En Carballo contaremos cun grupo de teatro afeccionado que polo momento está pendente de decidir.

Duración: 1 hora  
Entrada gratuita ata completar aforo

Organiza: ONCE | Colabora: Concello de Carballo

# +INFO

Todas as actividades teñen lugar no Pazo da Cultura de Carballo

ENTRADAS

Debido á limitación do auditorio, se é necesaria a reserva previa, comunicárase coa antelación posible.

**VENDA DE ENTRADAS:** no despacho de billetes do Pazo da Cultura, unha hora e media antes do inicio da actuación.

**RESERVA DE ENTRADAS:** no teléfono 981 704 300, ou na Concellaría de Cultura (Pazo da Cultura), habitualmente dende 15 días antes da celebración dos espectáculos. Límite: 4 entradas por persoa.

**DESCONTOS:** Nalgúns espectáculos aplicáranse prezos reducidos a determinados colectivos que deberán acreditar debidamente a súa circunstancia especial: estudantes con carné de estudante, maiores de 60 anos e menores de 12 anos.

BONOS

Para os días 3, 10 e 17 de febreiro, 10, 17, 24 e 30 de marzo

· **Bono ordinario: 21 €**  
· **Bono especial con prezo reducido: 16 €** (para estudantes con carné de estudante, maiores de 60 anos e menores de 12 anos)

· Data de inicio de venda de bonos: 27 de xaneiro  
· Lugar e horario de venda de bonos: Oficinas da Concellaría de Cultura (Pazo da Cultura), de 11.00 h a 14.00 h.

**INFORMACIÓN**

Pazo da Cultura | Rúa do Pan s/n  
15100 Carballo | Tfno.: 981 704 300  
cultura@carballo.org | www.carballo.gal

# PROXIMAMENTE

Do 21 de abril ao 7 de maio

XV PRIMAVERA ENDANZA

O ciclo de danza contemporánea regresa un ano máis ao escenario do auditorio do Concello de Carballo para achegarse á danza e incluír espectáculos de compañías galegas e de fóra de Galicia, tanto para persoas adultas coma para público familiar.

Do 24 ao 29 de abril

XII SEMANA DO LIBRO E A LECTURA

Exposición e actividades de animación á lectura

Maio

IV CARBALLO INTERPLAY

Festival de contidos dixitais

PRÉGASE PUNTUALIDADE. UNHA VEZ COMEZADA A FUNCIÓN NON SE GARANTE O ACCESO Á SALA.

ESTA PROGRAMACIÓN PODERÁ SUFRIR ALGUNHA MODIFICACIÓN (NOVOS ESPECTÁCULOS, DATAS, ENTRADAS...) QUE SE COMUNICARÁ COA MÁXIMA ANTELACIÓN POSIBLE.

# CALENDARIO

ESPECTÁCULOS INCLUIDOS NO BONO


TEATRO, MÚSICA, EXPOSICIÓNS...

FEBREIRO-ABRIL 2017

